

DECRETO

Ilma. Sr. Don Mauricio Victorio Repetto Morbán, Tenente de Alcaldesa da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo á CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, E PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2025, e tendo en conta:

- 1.- Informe sobre retención de crédito 48654/2025 de data 28 de xullo de 2025, RC por importe de 16.106,00 euros, aplicación orzamentaria 24100.48900 €.
- 2.- Informe nº 2025/1242 do Servizo de Intervención, de data 6 de agosto de 2025, sobre fiscalización previa limitada das Bases Reguladoras da convocatoria indicativo da procedencia da tramitación do expediente.
- 3.- O Acordo 3/327 da Xunta de Goberno Local, de data 13 de agosto de 2025, de aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica no exercicio 2025 no eido da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.
- 4.- Publicación do extracto da convocatoria e de Bases reguladoras das axudas no BOP de Lugo, de data 25 de agosto de 2025. Publicación das Bases de convocatoria e convocatoria na BDNS (Código 852038).
- 5.- Solicitudes presentadas nos quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), dende o 26 de agosto de 2025 ata o 15 de setembro de 2025.
- 6.- Providencia de Desenvolvemento Local de data 19 de setembro de 2025, solicitando ao Servizo de Tesourería, verificación de débedas/non débedas das entidades solicitantes propostas como beneficiarias.
- 7.- Providencia de Desenvolvemento Local de data 19 de setembro de 2025, solicitando á Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá relativo a se as entidades solicitantes se atopan inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, e se teñen presentado na Oficiña de Participación Cidadá orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva, e acreditación do número de socios que as integran.
- 8.- Informe da Tesourería Municipal de data 22 de setembro de 2025 e do Departamento da Recadación Executiva da mesma data, sobre o resultado da comprobación de débedas/non débedas das entidades solicitantes.
- 9.- Informe da Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá de data 29 de setembro de 2025 sobre o resultado da comprobación de se as entidades solicitantes se atopan rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, e se teñen presentado na Oficiña de Participación Cidadá orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva e acreditación do número de socios que as integran.

10.- Decreto 9452/2025 de nomeamento da Comisión Avaliadora de data 10 de outubro de 2025 para a valoración das solicitudes presentadas ao abeiro das Bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

11.- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesourería Territorial da Seguridade Social, presentados por todas as entidades solicitantes propostas como beneficiarias.

12.- Informe do órgano instructor de data 14 de outubro de 2025, resultado da preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario.

13.- Acta da Comisión de Avaliación celebrada en sesión do día 15 de outubro de 2025 para a concesión das subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica e as listaxes anexas coa puntuación acadada que se achegan.

14.- Informe proposta do Servizo de Desenvolvemento Local relativo a aprobación provisional da relación de solicitudes de data 30 de outubro de 2025.

15.- Informe favorable do Servizo de Intervención de fiscalización limitada previa de data 4 de novembro de 2025, o cal conclúe que

O expediente reúne os requisitos mínimos establecidos para a fiscalización limitada no concello polo que se emite informe favorable en relación exclusivamente cos extremos analizados, e coa seguinte observación:

UNICA.- As entidades deberán aportar a documentación á que se refiren as Bases Reguladoras relativas á xustificación, entre elas:

- Declaración responsable acreditativa das **subvencións ou axudas recibidas** para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Relación con todos os **gastos e ingresos** da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

- **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade do proxecto subvencionado (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nas bases como o ANEXO IV (poderase presentar no seu lugar unha memoria cun formato diferente ao proposto no ANEXO IV como modelo, na que en calquera caso de deberán incluír como mínimo os puntos establecidos en dito Anexo. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento).

Co obxecto de poder verificar a realización do proxecto deberase acompañar á memoria todas aquelas referencias existentes referidas á súa execución, tales como publicacións en redes sociais, notas e/ou novas de prensa, exemplares de folletos, carteis, libros, e material audiovisual en calquera formato, etc. Relacionados co proxecto. Tamén se poderán aportar fotografías realizadas durante a execución do proxecto.

Acreditarase mediante a pertinente fotografía a correcta utilización do logotipo do Concello de Lugo na cartelería empregada para a difusión, publicidade e identificación do proxecto (carteis, dípticos, folletos ...).

16.- Decreto 10300/2025 de 5 de novembro de aprobación provisional e apertura de prazo de alegacións para a concesión das subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica que desenvolven a súa actividade no eido da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, e para o exercicio económico 2025.

Visto que non se presentaron alegacións á resolución provisional, elévase esta a definitiva, sen necesidade de convocar novamente á Comisión de Avaliación.

Por todo o anteriormente exposto, e en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 10280/2025 do 4 de novembro, do Libro Único de Resolucións,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Elevar a definitiva a relación de solicitudes estimadas aprobadas no Decreto provisional pertencentes á concesión de subvencións as asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica no exercicio 2025 no eido da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, segundo a seguinte táboa:

Interesado Principal	CIF	Puntuación total (máx. 14 puntos)
Asociación Galega de Arte Corporal	G19369263	8,75
Asociación Mulleres Empresarias de Lugo (AELU)	G27105220	11,00
Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo (ADISLUGO)	G02967834	13,00
Asociación de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo	G27030915	11,00
Asociación Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL)	G27305218	10,50
Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS)	G27436419	14,00
Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)	G27243500	11,00
Asociación de Empresarios dos Polígonos Industriais do CEAO e das Gándaras	G27030873	11,00

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar a disposición do gasto, con cargo á aplicación orzamentaria 24100.48900 co RC 48654/2025 segundo certificación da Tesourería Municipal de 28/07/2025 polo importe total de 14.906,07€ conforme á seguinte táboa:

Interesado Principal	CIF	Importe a conceder (max. 2.000 €)
Asociación Galega de Arte Corporal	G19369263	1.200,00€
Asociación Mulleres Empresarias de Lugo (AELU)	G27105220	1.963,06€
Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo (ADISLUGO)	G02967834	2.000,00€
Asociación de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo	G27030915	1.963,06€
Asociación Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL)	G27305218	1.873,83,€
Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS)	G27436419	1.980,00€
Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)	G27243500	1.963,06€
Asociación de Empresarios dos Polígonos Industriais do CEAO e das Gándaras	G27030873	1.963,06€
TOTAL		14.906,07€

TERCEIRO.- A resolución definitiva que se dite será publicada no Taboleiro de Anuncios, na web municipal e no Portal de Transparencia.

CUARTO.- Notificar individualmente a cada entidade solicitante beneficiaria que figura na relación de solicitudes estimadas, e publicar na BNDS a devandita relación.

QUINTO.- Liberar o crédito sobranter no RC 48654/2025, é dicir, liberar o importe de 1.199,93 € trala resolución provisional.

SEXTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso - administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo DUN MES, contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición.

Cúmprase.